# Pórtico do Paraíso

VII Festival Internacional de Música de Ourense

TRADUCIÓN
Beatriz Varandas
Conchi da Silva

CORRECCIÓN TEXTOS
Beatriz Varandas

NOTAS AOS PROGRAMAS
Diabolus in Musica
Karolis Biveinis
Oliver Cox
Hopkinson Smith
Andrés Alberto Gómez
Julián Carrillo

TEXTOS SALAS
Antonia García

FOTOS SALAS
Mani Moretón

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Drúmbalo

IMPRESIÓN
Rodi Artes gráficas

Depósito legal: OU 68-2014

do 14 ao 23 de marzo de 2014

# ÍNDICE

## VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE OURENSE

## PÓRTICO DO PARAÍSO


5 --- Presentacións

9 --- Programa xeral

10 Concerto inaugural
DIABOLUS IN MUSICA

14 Segundo e sexto concerto
KAROLIS BIVEINIS

18 Terceiro concerto
O DUO

24 Cuarto concerto
HOPKINSON SMITH

28 Quinto concerto
LA REVERENCIA

32 Concerto de clausura
DUO AMAL

37 --- Actividades paralelas

43 --- Salas

54 --- Organiza

55 --- Colaboran

56 --- Agradecementos

57 --- Servizo de gardería

58 --- Ficha técnica

O Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso chega á súa sétima edición cun programa cheo de novidades, propostas musicais e artísticas que un ano máis volven facer da nosa cidade un referente da música clásica en Galicia.

Serán dez días de música de calidade, con sete concertos de grupos vocais e instrumentais procedentes de Francia, Lituania, Reino Unido, Suíza, España e Israel-Palestina, arrincando ademais cun aliciente tan especial como a actuación de Diabolus in Musica, da localidade francesa de Tours, da que é orixinal o noso patrón San Martiño.

O festival medra en espazos artísticos, incorporando para dous concertos un lugar tan extraordinario como é a capela de Santo Anxo, achéganos dúas exposicións e ata, por primeira vez, a proxección dunha película: o documental *De occulta philosophia*, procedente de mostras tan prestixiosos como os festivais de Bos Aires ou Marsella.

Novos atractivos que son proba da repercusión e o dinamismo deste certame, xa plenamente consolidado na oferta cultural ourensá e galega.

Quero dar os parabéns ao equipo organizador e agradecer a colaboración de institucións, entidades e empresas que axudan a que este festival sexa realidade. E, sobre todo, dar as grazas ao público, que co seu apoio nos anima cada ano a manter a nosa aposta por este certame que, de seguro, volverá brindarnos unha extraordinaria edición.

Agustín Fernández Gallego
ALCALDE DE OURENSE

Ana Garrido Rodríguez
CONCELLEIRA DE CULTURA

Un ano máis, puntual e ilusionante coma sempre, chega a música do Pórtico, neste marzo de 2014.

En Ourense, a terceira cidade de Galicia, paseniño, vaise asentando este importante festival que, edición tras edición, nos deleita e sorprende, e se converte en imprescindible para identificármonos coa nosa cidade, porque nos permite ser máis conscientes do rico patrimonio artístico de noso, no máis amplo sentido.

Se o nome do Festival Pórtico do Paraíso ten o seu xermolo na catedral, neste 2014 daremos un novo impulso para adentrármonos na recolecta capela de Santo Anxo, levando así o festival a outro significativo barrio da nosa cidade: O Couto. Un salto de séculos, desde o protogótico da catedral ao interesante modernismo auriense, que contribúe ao coñecemento de tan fermoso conxunto. Deste xeito, vaise sumando patrimonio e, asemade, espertando vontades cidadás que, unidas ao pracer da boa música, van avivando en todos nós o orgullo dunha cidade cada día máis culta en todas as súas aptitudes e manifestacións. Porque sigo a pensar que a cidade ten que ser a construción activa de todos e cada un dos talentos das persoas que conviven e comparten o espazo humano.

Esta VII edición enriquécese con numerosas actividades, como as dúas exposicións programadas, a de instrumentos do Gremio de Luthiers y Arqueros de España e a do recoñecido fotógrafo Mani Moretón sobre o Pórtico do Paraíso. Sen dúbida serán un atractivo que proporcionará máis sentido ao festival.

Non podo obviar que a celebración desta edición non sería posible, en gran medida, sen o apoio da Xunta de Galicia a través de AGADIC, así como da Asociación Pórtico Musical, á que quero agradecerlle todo o seu esforzo por manter a súa axuda en tempos tan difíciles para a cultura, así como ao seu presidente –e director artístico do festival– polo seu incansable traballo. Ao noso querido Alexandre Delgado por unirse ao proxecto desde o primeiro ano e proseguir ata este 2014, en que Ourense exerce a capitalidade cultural do Eixo Atlántico.

Grazas a todos eles en nome dos ourensáns, e a todos vostedes desexarlles que gocen da música que o Pórtico nos traerá do 14 ao 23 de marzo.

**O Festival Pórtico do Paraíso volve de novo cun cartel máis internacional que nunca e con novidades destacadas na programación**

A presenza do prestixioso grupo vocal francés de Tours **Diabolus in Musica** na nosa catedral para nos ofrecer precisamente parte da misa de San Martiño ten toda a intencionalidade posible... xunto a esas obras, repertorio da Escola de Notre-Dame que completa un programa que nos transportará aos albores do século XIII.

Por outra parte, a presentación como dúo en España do **Duo Amal** ('esperanza', en árabe) formado polos magníficos pianistas Bishara Haroni e Yaron Kohlberg de orixe palestina e israelí respectivamente, achega unha singularidade dobre ao festival: a artística, un programa inédito na cidade pola imposibilidade de escoitar música para dous pianos, e a humana, deixándonos o seu exemplo de confraternización entre pobos.

Ademais, a orixinal proposta de música para piano con imaxes do compositor-intérprete lituano **Karolis Biveinis**; a espectacularidade dos percusionistas británicos Owen Gunnell e Oliver Cox integrantes de **O Duo**; a mestría dun artista mundialmente recoñecido como intérprete de instrumentos antigos de corda pulsada, o norteamericano **Hopkinson Smith**, e o espírito entusiasta do grupo barroco español **La Reverencia** configuran unha programación artística absolutamente fiel ao carácter ecléctico que sempre tivo o festival.

A utilización dun novo espazo –Capela de Santo Anxo–, unhas actividades paralelas ambiciosas, con **dúas exposicións** –instrumentos do Gremio de Luthiers y Arqueros de España, e fotografías de Mani Moretón–, os tradicionais **encontros** no conservatorio con algúns dos músicos mencionados e a proxección da **película-documental**, centrada na música barroca, *De occulta philosophia*, conforman un festival sen dúbida cita ineludible para todo aquel amante da boa música, desde a afastada polifonía de principios do século XIII ata obras compostas hai escasos meses.

Só me queda desexar que quen se achegue ao festival vexa satisfeitas as súas expectativas e mesmo goce aínda máis do que se imaxinaba.

Juan Enrique Miguéns
DIRECTOR do
FESTIVAL PÓRTICO
DO PARAÍSO

**VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE OURENSE**

PÓRTICO DO PARAÍSO

do 14 ao 23 de marzo de 2014

| | | |
|---|---|---|
| **DIABOLUS IN MUSICA**<br>grupo vocal (Francia) | venres **14** marzo **21:00** h | Catedral de Ourense<br>Entrada libre |
| **KAROLIS BIVEINIS**<br>piano e imaxes (Lituania) | sábados **15 e 22** marzo **20:30** h | Igrexa de Santo Anxo<br>Entrada libre |
| **O DUO**<br>percusión (Reino Unido) | domingo **16** marzo **19:00** h | Teatro Principal |
| **HOPKINSON SMITH**<br>guitarra barroca (Suíza) | martes **18** marzo **20:30** h | Igrexa de Santa María Nai<br>Entrada libre |
| **LA REVERENCIA**<br>grupo vocal e instrumental (España) | venres **21** marzo **20:30** h | Igrexa de Santiago das Caldas<br>Entrada libre |
| **DUO AMAL**<br>dúo de pianos (Israel-Palestina) | domingo **23** marzo **19:00** h | Teatro Principal |

# DIABOLUS IN MUSICA

grupo vocal (Francia)

Venres 14 marzo 21:00h

Catedral de Ourense
Entrada libre

**Raphaël Boulay,** tenor

**Olivier Germond,** tenor

**Jean-François Delmas,** barítono

**Emmanuel Bouquey,** barítono-baixo

**Emmanuel Vistorky,** barítono-baixo

**Philippe Roche,** baixo

**Antoine Guerber,**

dirección, arpa e percusión

# DIABOLUS IN MUSICA

Desde a súa fundación en 1992, Diabolus in Musica dedicouse ao estudo e á interpretación da música do Medievo, desde o canto gregoriano ás grandes obras polifónicas do século XV, pero especialmente ás dos séculos XII e XIII.

O seu traballo de investigación bebe directamente dos manuscritos da época e céntrase en obras e repertorios inéditos. Os programas que elaboran son froito desa investigación rigorosa, na que a música se interpreta tendo en conta o contexto social, histórico e artístico, así como a mentalidade e a sensibilidade da época.

Diabolus in Musica foi convidado aos festivais máis importantes de Francia: Ambronay, Saintes, Royaumont, Fontevraud e Cité de la Musique, pero tamén doutros moitos países, como Holanda, Alemaña, Bélxica, Italia, España, os países escandinavos e América do Sur.

A súa discografía recibiu numerosos premios e o recoñecemento da crítica internacional, destacando especialmente a gran personalidade do grupo e as interpretacións innovadoras. Diabolus in Musica reúne músicos e cantantes que colaboran xuntos de forma regular e que achegan a súa personalidade ao grupo, o que sen dúbida é a clave do éxito dos concertos.

**Antoine Guerber** dirixiu Diabolus in Musica desde os inicios, alá polo ano 1992. O interese e paixón pola Idade Media e polo repertorio musical dese período levouno a estudar no Centre de Musique Médiévale de París e no Département de Musique Ancienne do Conservatoire National Supérieur de Lyon. Tras pasar varios anos formando parte de distintos grupos, como Gilles Binchois, Organum e Ensemble Jacques Moderne, Antoine Guerber estableceu a súa residencia en Tours, no val do Loire, para dedicarse totalmente ao seu conxunto: Diabolus in Musica.

# PROGRAMA

## SANCTUS!

## PROCESION

Salva nos stella maris
rundellus
O summi regis
rundellus
O vera o pia
conductus a 3
Gaudens in domino
conductus a 3 (San Nicolao)

Petre amas me
organum a 2 (San Pedro)
Pater sancte
conductus a 1 (Inocencio III)
Sanctus perpetuo
conductus a 3
Presul nostri tempori
conductus a 3 (San Martiño)
Gaude felix francia
conductus a 2 (Chegada de San Luís)
Regi regum
conductus a 2 (San Guillerme)

## NOCTURNO 70 min

O beatum virum
responsorium (San Martiño)

O vere beatum
responsorium (San Martiño)
Martinus abrahe
responsorium tratado en organum a 3
(San Martiño)

Te deum laudamus

# SANCTUS!

## Os santos na polifonía do século XIII

Na Idade Media, os santos, desde os máis humildes ata os máis importantes, formaban parte da vida cotiá na rúa, nas casas e por suposto nas igrexas. Na catedral de Notre-Dame de París, compoñíanse cánticos que se dedicaban aos santos de máis sona da época, pezas sorprendentes que se estenderían posteriormente por toda a Europa cristiá. O compositor Pérotin le Grand e os clérigos de Notre-Dame crearon un novo estilo, as polifonías que darían un impulso espectacular á creación musical de principios do século XIII.

Estas polifonías pronto serían tamén cantadas en todas as grandes catedrais e colexiatas de Francia. Entre elas, na Collégiale Saint-Martin de Tours, un dos monumentos eclesiásticos máis importantes da época. Na basílica de Tours, a vida diaria organizábase seguindo unha liturxia moi particular, especialmente durante as celebracións dedicadas a san Martiño.

O canto sinxelo seguía a ser a base musical dos servizos relixiosos, pero pouco a pouco a polifonía foise impoñendo neles, seguindo o modelo da catedral parisiense. Os cantores ou solistas puñan todo o talento e expresividade nos *conductus*, *organa* e motetes de cada peza, coma se quixesen traer de novo á vida aos grandes santos aos que están dedicadas.

Esta noite, Diabolus in Musica, coas voces fortes e cálidas, transportarannos a esa época interpretando parte do repertorio da Escola de Notre-Dame.

# KAROLIS BIVEINIS

piano e imaxes (Lituania)

Sábados **15** e **22** marzo **20:30**h | Igrexa de Santo Anxo
Entrada libre

# KAROLIS BIVEINIS

Ao acabar a Escola Nacional das Artes en Vilnius (Lituania), tradádase a Galicia e, no ano 2002, obtén o grao superior de piano, con matrícula de honra, no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde posteriormente finaliza os estudos superiores de harmonía, contrapunto e análise. Asiste a máster clases de composición cos profesores J. Cruz-Guevara (España), C. Havel (Francia), J. M. Laborda (España) e E. Zampronha (Brasil); de piano, con Z. Plavin (Israel), A. Seriogina (Rusia) e R. Jakutyte (Lituania), e tamén de jazz, con A. Rábade e P. Charlín (España).

Obtén o 1º premio no concurso internacional de piano N. Rubinstein (París, Francia), diploma no concurso Club Rotaract no conservatorio superior de música e danza das Illes Balears (Palma de Mallorca), así como o 1º premio no concurso de música de cámara Pavasario Sonata (Vilnius, Lituania). A composición "Nona", do traballo discográfico *Sounding Images*, estivo nominada para The 2013 Hollywood Music in Media Awards, en Los Angeles (EE. UU).

Como compositor e pianista actúa en distintas salas de España, Portugal, Francia, Italia, Alemaña, Bélxica e Lituania e participa nos festivais internacionais Thomas Mann (Nida, Lituania), Xacobeo 2004 (compartindo escenario con John McLaughlin no Pazo da Cultura, en Pontevedra); Imaxina sons 2007 (Vigo), Cidade de Lugo 2011 (Lugo), Jazz na fronteira (Tui) e Xacobeo Classics 2010 (A Coruña). Colabora co Ensemble s21, Grupo Instrumental siglo XX, TAC (Taller Atlántico Contemporáneo), ensemble Plathner's Eleven e Quinteto Pentafonía, entre outros.

Varias das súas obras foron publicadas por Periferia sheet music (Barcelona), Dos Acordes (Baiona), Consellería de Cultura (Galicia), así mesmo gravadas e/ou editadas por Radio Galega, gravación-estudio Mans (A Coruña), Estudios Darbo (Cangas), Ouvirmos (Lugo) e Elite musical (Vigo).

Dende 2009 é membro da Asociación Galega de Compositores. Na actualidade, como compositor e pianista, presenta o seu segundo traballo discográfico *Piano book*, para piano solo, en que combina os sons de música clásica e banda sonora con harmonías e pequenos toques de jazz.

# PROGRAMA

50 min

Destello de luz
Carrusel

La plenitud
Barquito de papel
Nocturno de un espejo
En la feria

Nona
La soledad

Vals para uno
Un día de lluvia

Una noche porteña
Canción de esperanza

# NOTAS

“Cada día encontrámonos con miles de instantáneas que capturan os nosos propios ollos, e cada instante representa algo –un ambiente, unha emoción, un sentimento... un único segundo que deseguida se converte no pasado–. Cada peza representa unha destas instantáneas plasmadas na partitura, que serve como unha inspiración creativa. Ás veces, tamén acontece ao revés: as melodías que xorden no interior, como unhas pequenas pezas dun quebracabezas, van creando unha imaxe, sexa real ou imaxinaria, pois o proceso é unha continuidade, onde un principio é o fin, e o fin é un principio...”.

**Karolis Biveinis**

# O DUO

percusión (Reino Unido)

Domingo 16 marzo 19:00h | Teatro principal

**Owen Gunnell e Oliver Cox**

# O DUO

Oliver e Owen formaron O Duo en 2000, cando aínda eran estudantes do Royal College of Music. O seu primeiro CD foi editado por Sony BMG en 2007 e recibiu eloxiosas críticas. Desde ese momento, a súa presenza na vida musical do Reino Unido foi constante, aparecendo en varias ocasións na BBC Radio 2 e 3, Classic FM e colaborando co BBC Symphony Chorus. Tamén apareceron en televisión, tocando nos estudios de Abbey Road e Sony e gravaron para distintos filmes de Channel 4 e da BBC Television.

O Duo participou en dúas ocasións nos BBC Proms de Londres e tocaron en lugares emblemáticos de Inglaterra, como o Wigmore Hall ou o Barbican e tamén no City of London Festival. Fóra do país, sobresaen os concertos en México, París, Madrid, Lucerna e as actuacións en Alemaña e Bulgaria. Colaboraron con distintas orquestras, entre as que destacan a BBC Philharmonic Orchestra, Royal Scottish National Orchestra, London Philharmonic, London Sinfonietta, Philharmonia Orchestra, Sinfonia ViVA e Melbourne Symphony Orchestra.

Oliver e Owen desenvolveron ademais un gran traballo educativo e deron cursos e concertos didácticos por todo o Reino Unido. Cómpre subliñar as series de concertos para nenos en Escocia, onde actuaron en salas como o Royal Concert Hall de Glasgow e o Queen's Hall de Edimburgo coa Royal Scottish National Orchestra e a Orchestra of Scottish Opera. Por este traballo foron elixidos directores artísticos permanentes dos Concertos Clásicos para Nenos de Escocia.

O repertorio do dúo comprende máis de 300 anos de música e é unha mestura entusiasta de clásicos populares e música contemporánea tocada con dúas marimbas, vibráfono e gran cantidade de instrumentos de percusión. Estrean obras continuamente e traballan para continuar co labor de dar a coñecer o repertorio para dúo de percusión por todo o mundo.

# PROGRAMA

## PARTE I — 35 min

Bongo Fury
O Duo, Oliver Cox e Owen Gunnell (1980)

Suite española Op. 47(Cádiz, Aragón)*
Isaac Albéniz (1860-1909)

Suite francesa nº 5 (selección)*
J. S Bach (1685-1750)

Estudo Op. 10, nº 5 "La négresse"*
Frédéric Chopin (1810-1849)

Take 5
Paul Desmond (1924-1977)

Searching
O Duo, Oliver Cox e Owen Gunnell

## PARTE II — 35 min

42nd St. Rondo for percussion duo
Wayne Siegel (1953)

Violent Shadow
María Mendoza (1975)

Prelude "The Harp"
Serguéi Prokófiev (1891-1953)

Mad Rush
Philip Glass (1937)

Signals from Space (estrea en España)
Oliver Cox

* arranxos O DUO

# NOTAS

Empezamos o programa desta noite con *Bongo Fury*, unha obra que compuxemos en 2002 para o noso debut no Festival de Edimburgo. Está inspirada en distintos ritmos e fontes, como o *son montuno* cubano e a *batucada* de Brasil.

Tanto da *Suite española* de Albéniz como da *Suite francesa* de Bach tocaremos unha selección de movementos. A música de Bach funciona especialmente ben en dúas marimbas, das que se utiliza toda a súa amplitude de rexistros e máis en particular os medios e baixos. Tamén en dúas marimbas tocaremos o *Estudo nº 5* de Chopin, coñecido como La *négresse* ou *Black Keys*, por estar escrito para ser tocado practicamente só coas teclas negras.

Tras o paso por obras de tanto peso na historia da música, chegamos a *Take Five*, do saxofonista norteamericano Paul Desmond. *Take Five* é sen dúbida a súa obra máis popular e foi escrita para o Dave Brubeck Quartet do que formaba parte. Rapidamente se converteu na súa peza máis famosa e no maior éxito do grupo. Desmond tiña un carisma especial e foi un dos músicos máis queridos e populares do que se coñeceu como o *cool jazz* da Costa Oeste dos Estados Unidos.

Para finalizar a primeira parte *Searching*, escrita por Owen en 2011. Aínda que está en parte inspirada no movemento minimalista, utilizamos a totalidade de instrumentos que verán no escenario. A obra intenta mostrar o que sucede durante unha imaxinaria viaxe na que "buscamos" algo, e as

emocións que isto nos provoca: tristeza, desexo, intranquilidade...

Abrimos a segunda parte do concerto cunha peza de Wayne Siegel, que naceu en Los Angeles en 1953 pero estableceuse en Dinamarca en 1974. *42nd Street Rondo* foi un encargo do Danish Percussion Group e recibiu o apoio económico da Fundación para as Artes de Dinamarca. Segundo palabras do autor: "Foi escrita para dous percusionistas que elixen libremente cantas repeticións fan, o que permite que eles mesmos dean forma á obra mentres a interpretan. Ás veces é o percusionista A o que decide cando pasar á medida seguinte; outras, decídeo o percusionista B e, noutros momentos, ambos os músicos deben poñerse de acordo en decidir o momento de cambiar. O título fai referencia á esquina na que conflúen a rúa 42 e Broadway en Manhattan, un lugar moi frecuentado por músicos de rúa e no que imaxinaba que estaba interpretando a peza mentres a compoñía".

María Mendoza é actualmente profesora no Conservatorio de Ourense. María compuxo *Violent Shadow* baseándose na idea dun motor que non para. É unha peza sinxela que intenta atrapar o oínte na súa tea de araña aparentemente sen fin, mergullándonos nun bucle do imaxinario da compositora.

Tras a nosa versión para dúas marimbas do *Preludio* en *dó* de Prokofiev, escrito para ser interpretado en piano ou en arpa, tocaremos *Mad Rush*. Esta obra foi composta por Glass

para o primeiro discurso público do Dalai Lama en Nova York en 1981. Ten unha estrutura aberta e foi interpretada polo compositor no órgano da catedral de Saint John no momento en que o Lama entraba no templo. Nós tocamos unha versión para dúas marimbas e vibráfono.

E pecha o programa *Signals from Space*, da que podo dicir que é oficialmente a miña primeira obra. Levaba tempo con varias ideas andando na miña cabeza, pero non me atrevía a escribilas. A necesidade de buscar un tema contemporáneo para completar o último CD foi o que finalmente me impulsou a compoñela. A idea inicial de estrañas paisaxes doutros mundos e sons alieníxenas deu paso a unha metáfora do noso espazo interior, ao que chegamos por medio da meditación, unha técnica que me guía no proceso creativo desde hai uns anos. Como percusionista a miña intención era escribir unha obra que fose á vez un reto interpretativo para nós e que mostrase ao público todo o que un dúo de percusión pode facer. Por iso decidín utilizar todo tipo de instrumentos, incluíndo uns cantos bastante curiosos, ¡síntoo, Owen! A obra está escrita nun só movemento continuo que te envolve e te leva de viaxe polo espazo...

**Oliver Cox**

# HOPKINSON SMITH

guitarra barroca (Suíza)

Martes **18** marzo **20:30**h | Igrexa de Santa María Nai
Entrada libre

# HOPKINSON SMITH

Hopkinson Smith naceu en Nova York en 1946 e graduouse en música pola University Harvard en 1972. Un ano despois veu a Europa para estudar cos mestres Emilio Pujol en Catalunya e Eugen Dombois en Suíza. Por esa época implicouse en varios proxectos, entre os que se inclúe a creación do prestixioso conxunto de música antiga Hespèrion XX. Desde mediados dos anos oitenta, dedicouse case exclusivamente á interpretación do repertorio para corda pulsada, editando varios CD na discográfica Astrée que gañaron múltiples premios. Estes abranguen música española para *vihuela* e guitarra barroca, música francesa para laúde renacentista e barroco, música italiana de principios do século XVII e música alemá de finais do Barroco.

A gravación dos arranxos para laúde das *Sonatas e partitas* para *violín* de Bach, editada no ano 2000, foi recoñecida pola crítica especializada no ámbito mundial. A revista *Gramophone* referiuse a ela como a mellor da historia. Un dos CD con obras de John Dowland de 2005 gañou un Diapason d'Or (o equivalente a un Grammy en Francia) e foi cualificado como "dunha personalidade marabillosa" por *The New York Times*. Outro dos CD con música de Francesco da Milano recibiu tamén o Diapason d'Or de 2009 e, de entre os numerosos eloxios que recibiu, díxose del que era a primeira gravación que facía xustiza ao compositor. A principios de 2013 volveu gañar outro Diapason d'Or, neste caso polo CD coas tres primeiras suites de Bach para violoncello arranxadas para tiorba.

Hopkinson Smith tocou e deu master clases por toda Europa, América do Norte, América do Sur, Australia, Corea e Xapón, levando unha vida que el mesmo definiu como "mestura de ermitán e xitano". En 2007 e 2009 realizou varios concertos e cursos en Palestina, baixo os auspicios da Fundación Barenboim-Said e o Swiss Arts Council. En 2010 recibiu o Premio Mousiké Regione Puglia (Italia), como "mestre de mestres e máximo intérprete da música para laúde da Europa mediterránea". Actualmente é profesor na Schola Cantorum Basiliensis en Suíza.

# PROGRAMA

## DOS CASTELOS E RÚAS DE ESPAÑA

### PARTE I — 45 min

**Gaspar Sanz (1640-1710)**
Tres temas españoles
*(de Instrucción de música sobre la guitarra española, 1674)*

Pavanas con partidas al aire español
Folías
Zarabanda

Europa en miniatura

La Esfachata de Nápoles
La Miñona de Cataluña
La Coquina Francesa
Lantururú
Canción
Tarantela

**Francisco Guerau (1649-c. 1720)**
Passacalles del primer tono

Canarios *(de Poema harmonico, 1694)*

**Antonio de Santa Cruz (século XVII)**
Jácaras

### PARTE II — 35 min

**Gaspar Sanz (1640-1710)**
Preludio o Capricho Arpeado
Marizápalos
Jiga

Passacalles del segundo tono
Canarios

*Guitarra de cinco ordes do luthier Joel van Lennep, New Hampshire (Estados Unidos).*

# MÚSICA ESPAÑOLA PARA GUITARRA DO SÉCULO XVII

A guitarra estivo asociada coa cultura popular española desde finais da Idade Media ata os nosos días, pero desde o principio tamén se compuxeron pezas de gran complexidade que a situaban ao mesmo nivel que outros instrumentos para os que se compoñían obras con distintas voces e temas con variacións. O programa desta noite intenta mostrar o amplo repertorio escrito para ela na España do século XVII, que vai desde os alegres peiteos da rúa ata formas máis complexas e elaboradas para os gustos refinados da corte.

Das pezas deste segundo estilo, o punto álxido do programa sería o *Passacalles del primer tono* de Guerau, e como exemplo do outro estilo máis popular teriamos a *Tarantela* de Gaspar Sanz. Entre ambos os extremos, temos unha variada serie de melodías baseadas en pezas populares e variacións poéticas de temas tradicionais.

O título do libro de Sanz, *Instrucción de música sobre la guitarra española* (Zaragoza, 1674), preséntanolo como un método de guitarra, pero é máis que nada unha antoloxía que recolle todas as formas musicais que se podían tocar no instrumento, desde melodías evocadoras dunha simplicidade encantadora ata composicións orixinais elaboradas nun estilo máis libre coma se fosen fantasías.

O *Poema harmónico* de Guerau (Madrid 1694) contén algunhas das obras para guitarra máis sofisticadas de todo o Barroco. Coñecedor dos estilos dos seus coetáneos en Francia e Italia, Guerau compuxo pezas dunha variedade extraordinaria e profunda inspiración.

Tamén merece especial atención a afinación desta guitarra de cinco ordes na España do século XVII. Seguindo o consello de Gaspar Sanz, as ordes 4ª e 5ª están afinadas unha oitava máis alta que na guitarra moderna, polo que a terceira orde pasa a ser a máis grave. Esta orientación do instrumento cara aos sons agudos, dálle unha aura poética única que en certos momentos crea unha maxia singular.

**Hopkinson Smith**

# LA REVERENCIA

grupo vocal e instrumental (España)

Venres **21** marzo **20:30**h | Igrexa de Santiago das Caldas
Entrada libre

**Paloma Gallego**/ voz
**Pavel Amilcar**/ violín
**José Fernandez Vera**/
traverso barroco
**Sara Ruiz**/ viola da gamba
**Andrés Alberto Gómez**/
clavecín e dirección

# LA REVERENCIA

Desde a súa creación La Reverencia vén traballando no campo da interpretación musical con criterios históricos. Formados nalgúns dos centros máis prestixiosos no ámbito da música antiga, como son os conservatorios de A Haia, Utrecht, Milán, C. N. S. M. de Lyon ou a E.S.M.U.C. de Barcelona, os seus compoñentes son profesionais que contan cunha dilatada carreira artística de traxectoria internacional.

A necesidade de renovar a visión da música antiga e de conseguir unha espontaneidade natural nas interpretacións convértense en prioridades para o conxunto, que pretende dar a coñecer unha música en moitos casos esquecida pero que forma parte indiscutible da historia. Desde este punto de vista, La Reverencia nace co afán de difundir a música do período renacentista e barroco. Os seus traballos sempre destacaron por ofrecer novas lecturas destes repertorios, plasmando en cada concerto que realizan o seu novo e entusiasta espírito.

Actuaron en gran parte da xeografía española, Holanda, Grecia e Italia, participando en importantes ciclos e festivais. Dos seus concertos, destaca o realizado ante a raíña dona Sofía no Museo de Arte Cicládico de Atenas e a posterior recepción privada. A súa traxectoria dedicou unha atención especial á música española e italiana, mantendo unha actividade constante de interpretación do repertorio hispano.

En 2013 gravaron *De Occulta Philosophia*, película-documental que se centra na música barroca e que foi seleccionada no Festival Internacional de Cine de Buenos Aires (BAFICI 2013), no Festival Internacional de Cine de Marsella (FID MARSEILLE 2013) e no Festival de Cine Europeo de Sevilla (SEFF 2013). A súa discografía recibiu as mellores críticas por parte da prensa especializada e abrangue catro títulos: *De amores y locura* (2005), *Recercadas de Diego Ortiz* (2007), *La vida de este mundo* (2009) e *Orfeo celeste*. Este último traballo está dedicado á música de Bartolomé de Selma y Salaverde (1580-1638) e foi publicado na discográfica de seu que acaban de crear: VANITAS. Neste ano 2014 farán a gravación das pezas de clavecín en concerto de Rameau.

# PROGRAMA

60 min

**Jean-Philippe Rameau (1683-1764)**
Overture (Pigmalion, 1748)
Pièces de clavecin en concert
Premier concert: La Coulicam, La Livri, Le Vézinet

**Dietrich Buxtehude (1637-1707)**
Cantata: Singet dem Herrn

**Jean-Philippe Rameau**
Pièces de clavecin en concert.
Troisième concert : La Lapopliniere, La timide,
1 tambourin, 2 tambourin

**Georg Friedrich Handel (1685-1759)**
Aria: Sübe Stille
Aria: Singe, Seele

**Jean-Philippe Rameau**
Pièces de clavecin en concert, Cinquième concert :
La Forqueray, La Cupis, La Marais

**Georg Friedrich Handel**
Aria: Süber blumen

# NOTAS AO PROGRAMA

Non cabe ningunha dúbida de que as *Pièces de clavecin en concert* de Rameau son unha das obras cumio do repertorio musical de cámara do período barroco. Ordenadas en cinco concertos, estas pezas poden ser interpretadas en trío ou en cuarteto, segundo di o mesmo Rameau no prólogo. A novidade radica en que incorporan unha parte obrigada "solista" para todos os instrumentos, incluso para a viola da gamba e o clavecín, cuxa función normalmente era a parte de baixo continuo, de aí que Rameau titule a colección pezas de clavecín "en concerto", é dicir, clavecín obrigado en concerto con outros instrumentos. É unha música de gran calidade e beleza e á vez tremendamente difícil de interpretar.

A escaseza de información sobre a vida de Buxtehude supuxo desde sempre un longo traballo de busca e reconstrución dos datos biográficos. Seica naceu na cidade de Helsingborg (Dinamarca). Alí obtivo a súa primeira praza como organista, praza da que xa fora titular seu pai, ata que en 1668 obtén a de organista na igrexa de Santa María de Lübeck, cidade na que permanecería ata a morte.

Entre as obrigas que Buxtehude debía cumprir en Lübeck, encontrábase a realización dunha serie de concertos coñecidos como Abendmusiken. Tunder xa dera concertos na igrexa entre semana, pero Buxtehude introduciu algúns cambios debido ao seu espírito renovador. Trasladounos aos cinco domingos antes de Nadal e introduciu a interpretación de obras sacras dramáticas. Estes Abendmusiken adoitaban comezar cunha interpretación ao órgano solo seguida dalgunha peza de cámara con músicos da súa balconada. A variedade, tanto de colorido instrumental (uns corenta músicos) como de natureza das obras, debeu ser espectacular e sorprender o público, que ansiaba os primeiros postos da igrexa para non perder detalle. O impacto sonoro destas representacións, xunto coa calidade das interpretacións, deberon ser razóns máis que suficientes para que a famosa visita que Johann Sebastian Bach fixo a Lübeck, en outubro de 1705, se prolongase moito máis do previsto, co fin de asistir ao extraordinario ciclo dese ano.

**Andrés Alberto Gómez Rueda**

# DUO AMAL

dúo de pianos (Israel-Palestina)

Domingo **23** marzo **19:00**h | Teatro principal

**Bishara Haroni e Yaron Kohlberg**

# DUO AMAL

Apadriñados polo mestre Zubin Mehta, os pianistas Bishara Haroni (Nazaret, Palestina) e Yaron Kohlberg (Xerusalén, Israel) uníronse en 2011 para formar o Duo Amal. Unha colaboración que comezou cun concerto pola paz na Opera House de Oslo e que se consolidou e deu paso a un dúo insólito e estable que está a romper moldes no ámbito mundial.

Como solistas, Yaron Kohlberg e Bishara Haroni acadaron o recoñecemento de crítica e público e foron premiados en numerosos concursos internacionais. Kohlberg gañou dez concursos de piano, entre eles o de Cleveland (EE.UU) en 2007, o de Parnasos (Grecia) en 2006 e o Top of the World (Tromsø, Noruega) en 2011. Haroni ofreceu concertos baixo a batuta de mestres como Lorin Maazel, Daniel Barenboin e Zubin Mehta, e con prestixiosas orquestras como a London Philharmonic. Tanto Kohlberg coma Haroni empezaron a dar recitais a unha idade moi temperá e tocaron nalgunhas das mellores salas do mundo, como o Carnegie Hall de Nova York, o Kremlin de Moscova, Kennedy Center de Washington DC ou o Bellas Artes de Ciudad de México.

Desde o seu debut en Oslo como dúo tocaron en lugares tan destacados como o Beijing Concert Hall (China), Melbourne Recital Centre (Australia), Mushashino Center de Toquio (Xapón) ou o Goyang Center of the Arts de Corea. Os próximos compromisos vanos levar ao Metropolitan Museum de Nova York, ao Salle Gaveau de París, ao London City Festival, ao Zagreb International Festival e ao Kravis Center de Florida, entre outros. O Duo Amal ten tamén programadas varias actuacións coa Filharmónica de Israel e a orquestra do Teatro del Maggio Musicale Fiorentino de Italia, baixo a dirección do mestre Zubin Mehta e do mestre Christoph von Dohnanyi, respectivamente.

Haroni e Kohlberg traballan activamente para lograr a concordia entre israelís e palestinos. De feito, acaban de fundar un Centro Cultural Palestino-Israelí en Berlín.

# PROGRAMA

## PARTE I — 35 min

**Fantasía en Fa menor D.940 (Op.103)**
Franz Schubert (1797-1828)

Allegro molto moderato
Largo
Scherzo. Allegro vivace
Finale. Allegro molto moderato

**Karsilama**
Avner Dorman (1975)

**Sinfonía n.º 1 en Re maior (Op. 25)**
Arranxos de Rikuya Terashima
Serguéi Prokófiev (1891-1953)

Allegro
Larghetto
Gavotta: Non troppo allegro
Finale: Molto vivace

## PARTE II — 40 min

**Concertino para dous pianos (Op. 94)**
Dmitri Shostakóvich (1906-1975)

**Amal**
Odde Tamimi (1970)

**Suite nº 1 para dous pianos (Op. 5)**
Serguéi Rajmáninov (1873-1943)

Barcarolle. Allegretto
La nuit... l'amour... Adagio sostenuto
Les larmes. Largo di molto
Pâques. Allegro maestoso

# NOTAS AO PROGRAMA

***Franz Schubert (1797-1828), Fantasía en Fa menor D940, op. 103***

Escrita para piano a catro mans, foron o propio Franz e o seu amigo F. Lachner os que a tocaron por primeira vez o 9 de maio de 1828, ante E. von Baurnfeld, escritor vienés, íntimo de Schubert desde 1825. A melodía inicial en fa menor, que reaparece varias veces ao longo da obra, é de gran sinxeleza. Empeza sobre un leve acompañamento no rexistro grave e, tras un breve repaso en modo maior, ilumínase e anímase na segunda sección, volvendo a un menor vigoroso e expresivo. O xogo modal e dinámico prosegue nun xogo constante de sentimentos encontrados.

***Avner Dorman (Tel Aviv, Israel, 14.04.1975-), Karsilama***

Dorman é máster en música pola Universidade de Tel Aviv e doutor pola Juilliard School (Nova York). A súa obra é tocada habitualmente por orquestras como as filharmónicas de Israel, Nova York e Múnic. *Karsilama* (2003), froito dun encargo do Duo Amal e baseada nun tema turco, está escrita nun marcado ritmo ternario. Son tres variacións sobre un tema que regresa ao final. En toda a obra destaca un "perpetuum mobile" de oito notas repetitivas.

***Serguéi S. Prokófiev (1891-1953), Sinfonía nº 1 en Re maior, op. 25, "Clásica"***

Nacido nunha familia da aristocracia rural tsarista e educado como fillo único, súa nai ensinoulle piano desde os catro anos. Estudou no Conservatorio de San Petersburgo con Lyadov e Rimski-Korsakov, completando os estudos de composición en 1909. Tras a violencia que supuxo para os seus contemporáneos a súa colorida Suite escita, Prokófiev bebe da súa aprendizaxe sobre Haydn con Tcherepnin para compoñer unha sinfonía de estilo clásico, estruturada en catro movementos. A obra é, asemade, unha homenaxe e unha sutil burla do clasicismo, que plasma a ironía característica do seu autor nas disonancias e cor orquestral. Foi estreada por Prokófiev en 1918, en Petrogrado, e a versión para dous pianos é de Rikuya Terashima (Tokio, 1964).

***Dmitri Shostakóvich (1906-1975), Concertino para dous pianos, op. 94***

Shostakóvich compuxo este *Concertino* en 1954 para o seu fillo Maxim, que estudaba na Escola Central de Música (preparatoria do Conservatorio de Moscova). A obra responde ás esixentes demandas técnicas para estudantes avanzados. Maxim estreouno co seu condiscípulo A. Maloletkova o 8 de novembro de 1954, nun monográfico Shostakóvich; posteriormente, pai e fillo gravárono xuntos. Esta colaboración satisfixo tanto a Shostakóvich que en 1957 escribiu o *Concerto para piano nº 2* como agasallo para Maxim pola graduación no conservatorio.

O seu carácter amable é propio dunha paréntese que Dmitri goza a mediados dos 50 na súa atormentada vida profesional. Na introdución altérnanse dous motivos marcadamente contrastados (un tema punteado ao unísono no rexistro grave e unha variante de himno no agudo). Logo, o tema principal é unha entusiasta marcha, o segundo volve aos ritmos punteados e o movemento gradual dos motivos de apertura da introdución leva a un rápido cambio de espírito. O regreso ao tema do himno da introdución ofrece unha ponte á recapitulación dos temas anteriores. O repaso final desa frase non só marca a chegada á coda, senón que tamén proporciona un repouso sereno ante a breve e emocionada carreira final.

***Odde Tamimi (1970), Amal***

Amal, de Sameer Odde Tamimi, tamén foi escrita por encargo do Duo Amal. É unha obra con forma A-B-A na que hai moitos clusters e diferentes acentos nos rexistros graves dos pianos, co especial clima dos duros sons daqueles e a claridade dos trinos que aparecen na 2ª parte.

***Serguéi Rajmáninov (1873-1943), Suite nº 1 para dous pianos, op. 5***

Composta en 1893, está dedicada a P. I. Chaikovski (1840-1893) e o nome de cada movemento é unha cita ilustrativa: Barcarola segue a liña dunha canción de góndola de Lermontov. La nuit, l'amour (A noite, o amor) é un nocturno inspirado no primeiro poema da secuencia narrativa de Lord Byron Parisina e o drama da heroína. Les larmes (As bágoas) derivan dun poema do ruso Tyutchev (1803-1873) e cita o son de campás de Santa Sofía de Nóvgorod. Estas dominan Pâques (Pascua) nunha certa lembranza de A gran porta de Kiev de Músorgski sobre a que se alza o tema do canto ruso de Pascua, *Cristo resucitado*.

**Julián Carrillo**

# ACTIVIDADES PARALELAS

VII FESTIVAL INTERNACIONAL
DE MÚSICA DE OURENSE

PÓRTICO DO PARAÍSO

# EXPOSICIÓN *Os instrumentos do Gremio de Luthiers y Arqueros de España*

O Gremio de Luthiers y Arqueros de España é unha asociación de profesionais da construción e a restauración de instrumentos musicais da familia do violín. Pertencen a este gremio todos aqueles luthiers e arqueiros que, unha vez acreditada a traxectoria profesional e a calidade do seu traballo, entenden a luthería como un oficio artístico que, como tal, debe ser protexido, divulgado e fomentado.

Entre os obxectivos do Gremio destaca o fomento da luthería realizada actualmente en España e o feito de impulsar o achegamento da luthería ao músico. A relación entre músicos e luthiers foi imprescindible desde séculos atrás para alcanzar o deseño actual do instrumento, e hoxe éo para lograr que o músico profundice no coñecemento da súa ferramenta de traballo e saiba todo o necesario á hora de adquirilo, optimizalo e conservalo.

O Gremio apoia e fomenta a creación de novos instrumentos e arcos, apostando por eles como extraordinaria opción do presente e garantía de continuidade para o futuro. Pero tamén o Gremio quere apoiar e fomentar a conservación e preservación dos instrumentos e arcos antigos existentes en España, xa sexan de coleccións públicas ou privadas, porque entenden que estes forman parte do patrimonio.

**DO VENRES 14 AO DOMINGO 23 NO MUSEO MUNICIPAL**
**DE MARTES A SÁBADO DE 11:00 H A 13:30 H E**
**DE 18:30 H A 21:30 H**
**DOMINGOS DE 11:00 H A 13:30 H**

GLAE
GREMIO DE LUTHIERS Y ARQUEROS DE ESPAÑA

# ENCONTROS NO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE OURENSE

*La Reverencia,* **XOVES 20 ÁS 18:00 H**

*Hopkinson Smith,* **LUNS 17 ÁS 19:00 H**

*Duo Amal,* **VENRES 21 ÁS 17:00 H**

# EXPOSICIÓN

*Variaciones Pórtico do Paraíso,*
Fotografías de **Mani Moretón**

**A PARTIR DO MÉRCORES 19**
**NO CENTRO MUNICIPAL JOSÉ ANGEL VALENTE**
**(ANTIGO BANCO DE ESPAÑA)**
**DE MARTES A SÁBADO DE 11:00 H A 13:30 H E**
**DE 18:30 H A 21:30 H**
**DOMINGOS DE 11:00 H A 13:30 H**



## *De occulta philosophia,*
## película documental dirixida por Daniel V. Villamediana

*De occulta philosophia* é unha película sobre a música barroca e a busca do coñecemento que hai tras ela.

Despois da súa participación a principios de ano no Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente (BAFICI 2013) e no Festival International de Cinéma (FID Marseille 2013), súmase o ter sido seleccionada para participar no Festival de Cine Europeo de Sevilla (SEFF 2013), converténdose así na estrea absoluta en España. *De occulta philosophia* competiu na sección "Nuevas olas. No ficción", onda outros traballos dalgúns dos mellores documentalistas da historia.

O grupo La Reverencia ensaia e interpreta en Liétor, un municipio de Albacete cuxas igrexas atesouran unha acústica única en España grazas á súa peculiar orografía, un extraordinario repertorio do Barroco alemán, ademais de composicións de Couperin e Monteverdi, á vez que dialoga e profundiza sobre o sentido e a filosofía que subxace tras a música antiga.

Interpretacións musicais, diálogos entre os músicos e con especialistas en retórica musical como Rubén López Cano, póñense en paralelo coa construción dun clavecín por un dos mellores luthiers do mundo, Titus Crijnen. Un instrumento que peza a peza, igual que a película, plano a plano, irá desvelando os seus misterios.

A película é un exercicio sobre como a música pode ser filmada, transformando o espazo sonoro nun espazo cinematográfico, no que os instrumentos dialogarán entre si e co mundo. Unha música conmovedora e efémera, que morre tras cada nota, e que o cine garda para si.




**XOVES 20 ÁS 20:30 H, LICEO DE OURENSE**



# SALAS

VII FESTIVAL INTERNACIONAL
DE MÚSICA DE OURENSE

PÓRTICO DO PARAÍSO

# CATEDRAL DE SAN MARTIÑO

Aínda que hai discrepancias sobre a data de inicio das obras de construción, é seguro que o altar maior foi consagrado no 1188, como consta no documento que, xunto coas reliquias de San Martiño, traídas desde Tours, foi gardado nunha das cinco columnas que lle servía de soporte. Parecen suscitar menos polémica as datas do seu remate (1218-1248). Malia que ten base románica, a catedral medra coa historia e ao ritmo da cidade que a alberga, e chega a ter ata catro consagracións, a última en 1966.

Hai tres espazos que non deben pasar inadvertidos para o visitante: a capela do Santo Cristo, construída entre os séculos XVI e XVIII, na que destaca o baldaquino que acolle a figura do Crucifixo. É esta unha imaxe gótica que, segundo a tradición, é unha das copias que Nicodemo fixo de Xesús morto cando o baixou da cruz. A capela é coma un xoieiro, recuberta de madeira policromada con ornamentación vexetal, columnas salomónicas e relevos da Paixón.

O Pórtico do Paraíso merece tamén especial atención por ser unha das obras máis fermosas da catedral. Da primeira metade do século XIII, foi comparado, con desvantaxe para el, co de Compostela. Para algúns ten valores propios de idealización e serenidade na tradición gótica de obras francesas e burgalesas. É a transcrición en pedra do bíblico Xuízo Final, explicado dun xeito moi minucioso.

O retablo do altar maior é do século XVI, de Cornielis de Holanda, decorado con escenas da vida de Xesús, a Virxe e San Martiño. Destacan as 36 figuras de pequena talla colocadas entre as columnas. Están pintadas de branco e representan santos e personaxes do *Antigo Testamento* ataviados e cubertos seguindo a moda flamenga do 1500.

# CAPELA DE SANTO ANXO

No ano 1918 Ángela Santamarina de Temes, marquesa de Atalaya Bermeja, encarga a Daniel Vázquez Gulías unha igrexa e un edificio anexo nun soar do que hoxe é o barrio do Couto. Polo camiño, o proxecto ampliouse e deu lugar a un asilo en réxime de internado para nenas pobres e orfas.

O arquitecto fixera xa por estas datas algúns dos edificios máis importantes da cidade, e dona Angela, pola súa banda, era o centro da vida social e cultural de Ourense nos primeiros trinta anos do século XX. Ademais, a folgada posición económica do seu pai, emigrante en Arxentina, permitiulle colaborar como benfeitora en diversas obras de caridade.

A igrexa forma parte dun conxunto amurallado no que se erixiría tamén o museo para albergar a colección de arte familiar. Inaugurouse no ano 1925 e é de estilo neomedieval, tan en voga na época. Consta dunha soa nave cuberta por catro bóvedas de crucería con clave ornamentada e remata nunha ábsida. Ao exterior está reforzada con contrafortes. A fachada ten unha soa torre e está flanqueada por dúas ás adornadas con pináculos que lle dan ao conxunto gran verticalidade e lixeireza. As 23 vidreiras que cobren os muros da capela están elaboradas segundo o deseño de Jesús Soria, un artista asturiano residente en Ourense. A decoración arquitectónica e vexetal que as adorna enmarca imaxes de santos e escenas da vida de Cristo e María, e cada unha delas remátase con escudos familiares.

No interior, tres sepulcros que albergan os restos da marquesa, do seu marido Isidoro Temes e da súa tía Dolores Santamarina, viúva de Varela, que é obra do escultor cambadés Francisco Asorey. Realizado en mármore, representa o momento da morte e destaca polo gran realismo do rostro da dona vestida con hábito franciscano. No relevo, que representa a Cristo crucificado, aparecen tamén imaxes de mendigos que fan notar a preocupación polas obras de caridade da defunta.

Na actualidade, o conxunto segue a ser propiedade da Fundación creada pola marquesa.

# TEATRO PRINCIPAL

Santiago Sáez Pastor decidiu construír na década de 1830 o Teatro Principal, na rúa da Paz, antiga rúa dos Zapateiros. Ao parecer, foi unha especie de vinganza porque venderon o palco que el tiña reservado, nun día de función, no vello teatro.

Levantou o novo no lugar onde tiña a súa vivenda e o seu negocio, un banco. O edificio foi un pequeno teatro "á italiana", é dicir, cun patio de butacas e palco na planta baixa, tres pisos de palcos e escenario. O teito con decoración vexetal e xeométrica. A parte que daba á rúa tiña planta baixa, que era o vestíbulo do teatro, e catro alturas que se destinaban a vivendas.

Foi, durante bastantes anos, o único teatro público da cidade e o lugar de ocio máis selecto. Era o centro da vida social e cultural e nel houbo concertos, zarzuelas, obras teatrais, bailes, mitins, etc. O poeta Zorrilla leu os seus versos no Principal, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán participaron nun concurso literario e personaxes como Calvo Sotelo ou Gil Robles organizaron nel importantes actos políticos.

No 1912 o cine chega a Ourense e o Teatro Principal, tres anos despois, proxecta a súa primeira película, Viva el Rey, nunha sala remodelada e adaptada ás novas necesidades.

Na transición pechouse e estivo a piques de desaparecer. "Trátase de salvar o Principal" foi a consigna dun grupo encabezado por artistas, profesores, arquitectos e xente da vida pública ourensá, que logrou que a remodelación comezara a principios dos anos 80. O Teatro Principal reinaugurouse en 1992.

# SANTA MARÍA NAI

No lugar no que agora se ergue esta igrexa do século XVIII, existiu, segundo se di, un templo construído polos suevos convertidos ao cristianismo despois de que San Martiño de Tours obrase o milagre de curar o fillo do rei Carriarico, que, ao parecer, tivo corte en Ourense. O primitivo edificio, que era por entón a catedral da cidade, foi arrasado nas sucesivas incursións normandas e árabes e reconstruíuse no ano 1084, como reza na inscrición que se conservou na porta norte.

Cando se fixo a nova catedral no século XII, a igrexa quedou reducida a capela funeraria e en 1722 foi derrubada porque ameazaba ruína.

O templo actual benefíciase da perspectiva que lle dá a escalinata que sae da praza Maior. Acaroado polo sur ao antigo pazo episcopal e polo norte á bela praciña da Madalena, álzase coa súa planta dunha soa nave e transepto, sobre o que se ergue unha cúpula. A fachada barroca de tres corpos acolle catro dobres columnas que se cre pertenceron á antiga edificación sueva.

A titular da igrexa é Santa María que ten unha representación no centro do retablo do altar maior. A imaxe sedente de factura barroca retrátaa como unha señora ricamente adornada co Neno no colo. O día de Pascua é levada en procesión ata a capela do Santo Cristo da catedral.

## SANTIAGO DAS CALDAS

As Caldas foi un dos asentamentos que, na época romana, prosperaron no contorno do poboado de agricultores que daquela era a cidade de Ourense.

Consta a existencia dunha capela mozárabe chamada Santa Catarina de Reza Vella, na Alta Idade Media, e tense coñecemento da formación, cara aos séculos XI-XII, dunha parroquia da que aparecerán datos ata o ano 1639.
A parroquia das Caldas tiña un templo románico no século XVI que, xunto coa reitoral, atopábase moi preto do actual cemiterio das Caldas, nas ribeiras do Miño. Aínda que se reformaron no século XVII pronto quedaron pequenos para atender as necesidades da poboación e xa, a finais do século XIX, estaban en estado ruinoso.

No ano 1905, o bispo Eustaquio Llundain y Esteban encárgalle a José María Basterra, arquitecto da diocese de Bilbao, a construción do novo templo parroquial. O 30 de xullo de 1910 colócase a primeira pedra na avenida das Caldas. O edificio levantouse segundo o gusto historicista da época. O gótico e a súa lixeireza e luminosidade foi o seu modelo. Os elementos estruturais básicos son o arco apuntado, a bóveda de crucería e os arcobotantes, que lle dan a esta igrexa a imaxe característica exterior. A fachada presenta unha soa torre central, típico esquema das igrexas construídas por Basterra.

En 1919 encárgase a Maximino Magariños, imaxineiro relixioso compostelán, o retablo. Ten estrutura de portada gótica con policromía dourada na que todo é filigrana oxival e adáptase perfectamente ao estilo do templo. Os relevos das rúas laterais representan escenas da vida do patrón da igrexa: Santiago Apóstolo. Na parte baixa, un Crucifixo do Cristo do Perdón; no piso superior, unha escultura de gran tamaño en madeira do Apóstolo.

ORGANIZA

Concello de **OURENSE** Cultura

COLABORAN

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

ASOCIACIÓN PÓRTICO MUSICAL

Teatro Principal de Ourense

DEPUTACIÓN OURENSE

## AGRADECEMENTOS

El Liceo de Ourense

cmus conservatorio de música de ourense

GLAE GREMIO DE LUTHIERS Y ARQUEROS DE ESPAÑA

VILERMA

RODI ARTES GRÁFICAS, S.L.

Museo Municipal Ourense

Musical González

CH Carrís Hoteles

deimpresión! impresióndixital soluciónsartesgráficas

arteficción EQUIPAMIENTOS ESCÉNICOS

OFITECA PAPELERIA

galiôpera

FUNDACIÓN SANTA MARÍA-TEMES

COLEXIO PLURILINGÜE SANTO ANXO

EXCMO. CABIDO DA SANTA IGREXA CATEDRAL SAN MARTIÑO DE OURENSE

PARROQUIA DE SANTIAGO DAS CALDAS

# SERVIZO DE GARDERÍA

A organización do Festival Pórtico do Paraíso quere facilitar aos pais e nais espectadores a súa asistencia a este evento, polo que poderán deixar os seus fillos e fillas na **ludoteca Novolandia INDIANA BILL, situada no número 10 da rúa Ramón Cabanillas de Ourense, teléfonos 988 24 23 22/ 698 158 386/ 698 127 838.**

Este espazo, adicado aos nenos dun a doce anos de idade, de forma extraordinaria pechará máis tarde do habitual, co fin de cubrir a franxa horaria dos actos do Festival durante os seguintes días de marzo:

**Días 14, 15, 18, 21 e 22 (concertos) e día 20 (película)**

Os pais interesados nesta actividade só aboarán o 50% da tarifa normal. Para isto, deberán presentar na ludoteca Novolandia **INDIANA BILL** un bono, previamente selado por unha azafata no descanso do concerto ou tras a súa finalización.

ORGANIZA
Concellería de Cultura do Concello de Ourense

DIRECCIÓN
Juan Enrique Miguéns

COORDINACIÓN E XESTIÓN
Conchi da Silva

PRESENTACIÓN DOS CONCERTOS
Alexandre Delgado
Rafael Costas

INFORMACIÓN
info@porticodoparaiso.com
www.porticodoparaiso.com

ENDEREZO
Festival de Música Pórtico do Paraíso
Concellería de Cultura
Rúa da Canle, 2
32004 Ourense

*www.porticodoparaiso.com*

# Pórtico do Paraíso

*VII Festival Internacional de Música de Ourense*

DO 14 AO 23 DE MARZO 2014

Concello de OURENSE
Cultura

OURENSE
CAPITAL DA CULTURA 2014

fest clásica